



CÍRCULO DE SILENCIO
Rede Social Galicia Sur
#CírculosDeSilencioVigo
5 DE XUÑO DÍA MUNDIAL DO MEDIO AMBIENTE

Hoxe, 5 de xuño, conmemórase o Día mundial do medio ambiente, que este ano Nacións Unidas quere adicar á contaminación por plásticos. Cada ano prodúcese a nivel mundial máis de 400 millóns de toneladas de plástico e crese que a metade deste material concíbese para unha vida útil dun só uso. Menos do 10% recíclase. Estímase que 11 millóns de toneladas de refugallos plásticos contaminan cada ano lagos, ríos e mares. Iso equivale ao peso de ao redor de 1,089 Torres Eiffes xuntas.

Así mesmo, os microplásticos (partículas plásticas cuxo diámetro é inferior a 5 mm) invaden os alimentos, a auga e mesmo o aire. Estímase que as persoas inxeren máis de 50.000 partículas de plástico cada ano, e mesmo moitas máis se se teñen en conta as partículas inhaladas. Os produtos plásticos dun só uso que resultan refugados ou queimados non soamente prexudican á saúde humana e a biodiversidade, senón que igualmente contaminan todo tipo de ecosistemas, desde os picos das montañas ata o leito mariño.

Pero o plástico é so un dos moitos problemas que está a vivir o planeta como consecuencia da depredación de recursos e da contaminación xeneralizada. A Humanidade, e en particular a civilización occidental, coa súa explotación masiva dos recursos e o seu desprezo pola vida das outras especies (e con frecuencia tamén da propia especie humana), está a provocar unha crise global sen precedentes, unha crise da que so poderemos saír se, dunha vez por todas, aprendemos a traballar cooperativamente e con miradas a longo prazo. Non podemos agardar máis. O tempo é agora, se non queremos que os nosos fillos e fillas paguen as consecuencias, se non queremos ser culpables ante eles e elas dun futuro aínda peor que o noso xa crítico presente. As persoas e comunidades máis vulnerables e empobrecidas, coma sempre, están a ser as primeiras vítimas: guerras e violencia, fame e falla de recursos, migracións masivas e fronteiras militarizadas... É ese o mundo que queremos?

Sentímonos na obriga de denunciar e sensibilizar, pero tamén de esixir políticas concretas no noso ámbito máis próximo. Así, en Galicia demandamos medidas moito máis ambiciosas que poñan o medio ambiente no centro, máis aló dos intereses económicos inmediatos. Por poñer dous exemplos ben coñecidos: en primeiro lugar, non podemos máis que sumarnos ás protestas xeneralizadas dos colectivos veciñais e ecoloxistas contra o proxecto da empresa portuguesa ALTRI de construír unha nova fábrica de pasta de celulosa en Palas de Rei sen contar co consenso dos entornos afectados e sen respectar a biodiversidade dos espazos naturais. Nada menos que 52 organizacións ecoloxistas internacionais esixiron nunha carta pública dirixida á Xunta de Galicia e ao Goberno de España a retirada deste proxecto. Así o aconsellan tamén a oposición da veciñanza, moitas organizacións do sector primario e boa parte do sector académico. En segundo lugar, o mesmo sucede coas explotacións mineiras que a Xunta leva tempo promovendo en moitos territorios, a pesares, tamén, da contundente oposición veciñal.

Nun ámbito máis local, en Vigo, organizacións como Ecoloxistas en Acción e Amigas da Terra levan tempo denunciando os arboricidios promovidos dende o Concello para, por paradoxico que resulte, *humanizar*, así o chaman, as nosas rúas e parques. A esas políticas supostamente humanizadoras, que supoñen engadir cada vez máis cemento a costa da natureza, cómpre engadir a contaminación sonora e lumínica que invade a nosa cidade, sobre todo na época do Nadal. Por outro lado, como consecuencia do recente apagón vivido en todo o estado, as organizacións ecoloxistas denunciaron que tanto os sistemas de depuración como as estacións de bombeo de Vigo carecen dun soporte enerxético de emerxencia para garantir a subministración de enerxía en caso de apagón, razón pola que durante cando menos dez horas as augas residuais urbanas foron vertidas á ría de Vigo sen ningún tipo de depuración. Por último, recentemente, no pasado mes de maio, publicábase un informe oficial que constataba como Vigo supera os límites de contaminación establecidos pola OMS e a Unión Europea, en dióxido de nitróxeno, ozono e partículas en suspensión.

A nivel global, son frecuentes os chamamentos e mobilizacións que nos últimos lustros están a dar a voz de alarma ante unha situación que empeza a ser dramática. Organizacións ecoloxistas, comunidades científicas, movementos sociais, están a promover a desobediencia civil e a denuncia pública ante a gravidade da crise que estamos a vivir. Ou a rebelión ou a extinción. A mensaxe non pode ser máis clara. Estamos fartas, fartos, ante a falta de vontade, ante o curtoprazismo, ante a despreocupación polo noso futuro como especie e ante o futuro da vida do noso planeta.

Hai moito por facer para que a nosa pegada ecolóxica sexa a mesma que a que deixamos na area nun día de marea baixa: unha pegada efémera, que permita que os que veñen detrás poidan seguir habitando e disfrutando da beleza do noso planeta.

Grazas a todas por asistir!